

## **Convocatoria da Sesión Ordinaria do Pleno Municipal para o 27 de marzo de 2023 (PLENO 04/2023)**

Conforme ó ordenado pola Alcaldía, por resolución número 750/2023 de 22 de marzo e de acordo co previsto no art. 3.2 a) do R.D. 128/2018, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión Ordinaria do Pleno** que terá lugar no Salón de Plenos do Concello de Carballo o **día 27-03-2023 ás 20:30 horas**, en primeira convocatoria, e, de non haber “quórum” suficiente, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora.

Así mesmo infórmase que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícase que a partir desta data está a súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

**Sesión de:** Pleno  
**Convocatoria:** Sesión

**Data da sesión:** 27-03-2023  
**Hora:** 20:30 h.

- 1.- Acta da sesión anterior (27/02/2023). Aprobación.**
- 2.- Convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo e Zas, para regular o proxecto Parque Arqueolóxico do megalitismo na Costa da Morte. Aprobación. 2023 (CIBPS de 21/03/2023)**
- 3.- Modificación Puntual Nº 7 do PXOM. Aprobación provisional (documento corrixido por requirimento do Servizo de Urbanismo). Expediente 2020/U032/000001. (CIPUM de 21/03/2023)**
- 4.- Modificación da Ordenanza fiscal número 4 (ICIO). (CIFECRIC de 21/03/2023)**
- 5.- Anexo de expropiacións do proxecto construtivo Demolición de edificación, remodelación de ponte e creación dunha canle de augas altas na rúa Sol, Carballo (A Coruña). Aprobación definitiva. (CIFECRIC de 21/03/2023)**
- 6.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202300000001260 do 7 de marzo, sobre o peche do Centro de Educación Especial ASPABER, (CIBPS de 21/03/2023)**
- 7.- Seguimento de órganos de goberno:**
  - 7.1.- Resolucións da Alcaldía
    - 7.1.1.- Expresamente da resolución n.º 633/2023 de 9 de marzo, Proxecto Carballo para a Infancia. Corrección de erros.
  - 7.2.- Acordos da Xunta de Goberno Local

**CONCELLO DE CARBALLO**  
C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2023/G010/000004

### 7.3.- Rogos e Preguntas

Documento asinado dixitalmente, en Concello de Carballo, na data que figura ao marxe.

O Secretario  
D. Miguel Piñeiro Souto